

## UN MAÍNZO DE SAL

Xusto o día da excursión, Raúl esquecera a merenda na casa. As outras nenas e nenos estaban ansiosos por ir ver O Con do Pegho aínda que isto supuxera camiñar durante dúas horas. Aínda que supuxera, en realidade, non saber o que eran nin un con nin un pegho. Así, un regueiro de piratas enfila o camiño cara ao mar mentres preguntan se poderán bañarse ao remate da observación. “Por suposto!” Exclama a mestra. E pensa nun maíngo de sal botado a auga.

Raúl camiña con sede mentres matina en como se vai enfrontar á hora da comida. Podería dicir que lle doe a barriga ou que pasou mala noite ou que lle quedou a mochila na clase coa ansia de marchar ás présas. Nos recreos do día a día, o silencio funciónalle ben porque ninguén se decata de que non come. Ás veces, de feito, faino xa que a Lois o bocadillo vénlle mal mentres para furóns e dille que se o quere, que o colla. E cólleo. E cómeo coa cabeza agachada porque ten fame pero tamén vergoña. Sabe que o que lle está a acontecer o arreda das súas compañeiras e compañeiros pero o feito de que descubran que na súa casa non hai case para comer, o alonxaría deles aínda máis. Ese adulto de sete anos para oito aprendeu a que camuflarse é o único xeito de sobrevivir no medio de todos aínda que a eles nunca se lles desdobren as letras do encerado.

Hai uns meses, a ONG ‘Save the Children’ deu a coñecer un estudo no que se recolle que no pasado ano, aproximadamente 2,6 millóns de menores atopábanse en risco de pobreza e exclusión social no Estado español. Este dato equivale a un de cada tres nenos e nenas ou, o que é o mesmo, ao 31,8% da poboación menor de 18 anos. Cabe destacar que destes, o 13,3% presentan pobreza alimentaria, é dicir, non reciben o aporte nutricional suficiente nin moito menos variado, para poder desenrolar as súas funcións vitais en condicións óptimas. Pasan fame.

Para os pobres pasta e arroz. O pan que sobra. Condescendencia e caridade. Auga e xabón.

A vista é fermosa. Subidos aos penedos ven o horizonte. A profe explícalles que é a liña azul que se divisa ao lonxe e agóchalles que canto máis nos acheguemos a ela, máis se afastará. Raúl non leva gorra e escáchalle o sol na testa. Gústalle a de Roi e tamén as súas zapatillas *Air Jordan*. “Fai como que non che importa”, recoméndalle sempre a súa nai. Acepta. Non quere ofendela. Sabe que chora moito porque a escoita polas noites.

A poboación infantil sumida na pobreza representa, para o sistema, a holografía do tigre. Dentro do cuarto, óense os ruxidos. A imaxe parece real, achégase a nós e estira as gadoupas. Xusto antes de nos ferir, retrocedemos. As nenas e os nenos pobres, coma o animal, son só unha ensoñación. A axitación da opulencia pecha a porta do cuarto.

Nísperos e bocadillo de queixo. De saber que se ía despistar, a profe díxolle que tería levado algo máis contundente: unha ensaladiña de atún, uns pementos recheos, fígado encebado. Rin ás gargalladas. Raúl marcha coa friameira onde os compañeiros. Agacha a cabeza e sorrí porque ten fame pero tamén vergoña. Mentres, Marisa, a mestra, ten unha dor punzante moi aguda entre as costelas. Perdeu o apetito. Observa ao rapaz. As pebidas dos nísperos relocen nas súas mans. Un brillo idéntico ao dos ollos de Raúl nese intre. Resplandecen.

Divisan o Con do Pegho ao lonxe. Preguntan se xa se poden bañar. “Adiante!”, di a profe. E alí vai, un maínzo de sal sobre a auga. Un maínzo de sal e un tigre cos ollos coma sementes.

**LENDA: SUZZANE**